

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA (COPG)

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2016

Reunidos:

Dunha parte, Dna. María Rosa Álvarez Prada, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, en diante COPG, con CIF Q1500265B e enderezo social na rúa da Espiñeira 10-baixo, CP 15706 Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. Alfredo L. García Rodríguez, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, en diante Fegamp, nomeado na IX Asemblea Xeral da Fegamp celebrada o 30 de outubro de 2015, exercendo as atribucións que os Estatutos lle confiren por razón do seu cargo, con CIF V15160963 e enderezo social en rúa Varsovia 4C-6º andar, CP 15707 Santiago de Compostela.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas no nome das entidades que representan e

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que o COPG ten como fins principais, entre outros, fomentar a promoción e desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica, a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade, mediante a oferta dunha ampla variedade de servizos e actividades propias, que se proxectan en diferentes ámbitos do servizo colexial: formativos, de investigación e comunicación, publicacións especializadas e asesoramento técnico e profesional, entre outros.

SEGUNDO

Que o COPG, a través da súa Comisión Intersectorial de Xénero, pretende avanzar e afondar nos cambios sociais que contribúen a facer realidade o principio de igualdade entre mulleres e homes, a través dunha serie de actuacións concretas que contribúan á corrección da discriminación das mulleres.

TERCEIRO

Que o COPG conta con dous programas especializados de atención psicolóxica en casos de violencia machista, en colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, nos que unha rede de profesionais da psicoloxía, con formación específica, realizan de xeito universal e gratuíto a intervención máis axeitada para cada caso:

- **Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero**, con recursos terapéuticos que abren vías de recuperación a aquelas mulleres que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero, e complementariamente, a menores e outras persoas dependentes delas que teñan pasado pola mesma situación.
- **Programa "Abramos o Círculo"**, dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella e coa súa familia, e desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade.

CUARTO

Que a Fegamp é o organismo de representación das entidades locais de Galicia e está constituído polos 313 concellos, as 4 deputacións provinciais e as 9 entidades menores, segundo o recoñecemento expreso da Disposición Transitoria Terceira da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

QUINTO

Que a Fegamp, dentro dos seus fins estatutarios, debe promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas e, así mesmo, conta coa capacidade de constituír servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros, así como de organizar e participar en reunións, seminarios, congresos e xornadas de estudo e orientación.

SEXTO

Que os poderes públicos non poden ser alleos á violencia de xénero, que constitúe un dos ataques máis flagrantes a dereitos fundamentais como a liberdade, a igualdade, a vida, a seguridade e a non discriminación, como sinala a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero; tendo a obriga de adoptar medidas de acción positiva para facer reais e efectivos ditos dereitos, salvando os obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA - FINALIDADE DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

A través do presente convenio establécese o compromiso que ambas entidades adquiren para colaborar de xeito mutuo e facer chegar a información dos servizos e actividades do COPG a todas as entidades locais de Galicia en materia de atención psicolóxica integral nos casos de violencia de xénero.

SEGUNDA - COMPROMISOS POR PARTE DO COPG

O COPG facilitará os contidos e materiais que consideren de interese para a súa difusión a través da Fegamp.

O COPG ofrecerá á Fegamp e, por extensión, aos concellos, deputacións e entidades menores que o soliciten, asesoramento sobre os programas que desenvolven nesta área. Polo tanto, o COPG facilitará información sobre o acceso a accións de actuación psicolóxica especializada e gratuíta no ámbito da violencia de xénero, mentres se manteñan en vigor ditos programas conveniados coa Xunta de Galicia.

O COPG ofrecerá á Fegamp asesoramento para a posta en marcha de iniciativas que fomenten a igualdade real de mulleres e homes.

TERCEIRA – COMPROMISOS POR PARTE DA FEGAMP

A Fegamp realizará a difusión dos programas especializados do COPG e das distintas accións que desenvolva en materia de violencia de xénero, entre os concellos, deputacións provinciais e entidades menores de Galicia.

A Fegamp contará na súa páxina web coa ligazón directa á páxina web do COPG, coa finalidade de dar maior visibilidade ás accións do Colexio Oficial en materia de violencia de xénero.

A Fegamp poñerá a disposición do COPG a súa sede para desenvolver de xeito conxunto posibles actividades informativas e formativas sobre este eido entre os axentes das administracións locais e provinciais.

CUARTA – COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Co fin de analizar a evolución das accións previstas no presente convenio e de fomentar a súa materialización, as partes asinantes acordan constituír unha Comisión Mixta de Seguimento na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectados polo mesmo. Esta Comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

QUINTA – CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do convenio o mutuo acordo das partes e/ou o incumprimento das cláusulas contidas nel.

SEXTA – VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá, de acordo ás finalidades que motivan a súa sinatura, unha vixencia indefinida, salvo denuncia expresa de calquera das partes. Dita denuncia deberá formalizarse por escrito cunha antelación mínima de tres meses á data en que se desexe deixar sen efectos o convenio e, sen prexuízo das actuacións que, nese momento, estean iniciadas, as cales deberán ser rematadas en todo caso de acordo ao estipulado na data de denuncia.

Baixo os termos referenciados e en proba de conformidade, asinan ambas partes o presente convenio de colaboración, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola COPG

A blue ink signature of Dna. María Rosa Álvarez Prada, written over a horizontal line.

Dna. María Rosa Álvarez Prada

Pola Fegamp

A blue ink signature of D. Alfredo L. García Rodríguez, written over a horizontal line.

D. Alfredo L. García Rodríguez